

“CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS, DESTINADAS A ASOCIACIONES E CLUBS DEPORTIVOS NO CONCELLO DE CULLEREDO.”

No marco da Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Culleredo, por Resolución de Alcaldía nº , 2023-2338 do 04/12/2023, aprobouse a “convocatoria de subvencions municipais, destinadas a asociacións e clubs deportivos no Concello de Culleredo”

Obxeto.- promoción e impulso de iniciativas deportivas coa finalidade de apoiar as entidades sen ánimo de lucro na realización de actividades deste tipo.

Beneficiarias/os.- Asociacións e clubs deportivos de Culleredo inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións.

Importe da convocatoria e aplicación orzamentaria.- O importe da convocatoria é de 200.000€. Cos seguintes límites:

- Para entidades e clubs deportivos de promoción do deporte no ámbito estatal, importe máximo da liña de subvención 80.000€, 40.000€ por entidade ou club.
- Para entidades e clubs deportivos excepto os clubs de fútbol (campo), importe máximo da liña de subvención 70.000€, importe máximo por entidade e/ou club 7.000€
- Para clubs de fútbol (campo), importe máximo da liña de subvención 50.000€, importe máximo por club 20.000€.

A aplicación orzamentaria a que se van imputar ditos custes é a 341 489 00 .

Presentación de solicitudes.- As solicitudes de subvención deberán presentarse no prazo de 15 días hábiles dende o día seguinte a publicación da convocatoria, no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

As solicitudes de subvencions presentaranse a través da sede electrónica do Concello de Culleredo (<https://www.culleredo.es>). Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación dos procedementos previstos nestas bases, deberán ser realizados electrónicamente.

Criterios de selección.- Os criterios de selección das solicitudes serán os establecidos no apartado 15 das bases da convocatoria.

Prazo de xustificación.- Os prazos para a presentación das xustificacións están regulados no apartado 8 das bases da convocatoria.

Culleredo

5/11/2023

Cristina Pardo Portos

Concelleira delegada de participación cidadá e deportes